

BARROCO

OBRA: PRAZA DE SAN PEDRO DO VATICANO

AUTOR: GIAN LORENZO BERNINI

ESTILO: Barroco

CRONOLOXÍA: 1656-1667

COMITENTE: Papa Alexandre VII

LOCALIZACIÓN: Roma



ANÁLISE E COMENTARIO

O proxecto máis ambicioso da arquitectura barroca romana foi o remate da basílica de San Pedro e a urbanización da praza que quedaba diante. Gran parte do templo fora levantado durante o Renacemento. No seu momento, Miguel Anxo proxectara un edificio simétrico, presidido pola enorme cúpula deseñada por el mesmo, rematada en 1590, e cun enorme pórtico de frontón, imitando á fachada do Panteón de Roma. Carlo Maderno alterou o proxecto de Miguel Anxo, construíndo unha nova planta e o remate da fachada. Porén, a nova fachada prantexaba a necesidade de construír un pórtico que conectase a basílica coa cidade de Roma. Daquela, fronte á igrexa de San Pedro existía un gran espazo aberto cun enorme obelisco exipcio case no seu centro. Para levar a cabo a construción do que sería a praza de San Pedro, encargouse o proxecto ao artista Bernini (1598-1680), xenial arquitecto e tamén urbanista, escultor e pintor, o equivalente ao Miguel Anxo do Barroco. De orixe napolitano, naceu nunha familia de escultores, trasladándose a Roma, onde viviu e traballou practicamente toda a súa vida, excepto cando foi chamado polo rei Luis XIV para traballar no Palacio do Louvre (1665). En Roma tivo como mecenas ao cardeal Scipione Borghese e, máis tarde, ao Papa Urbano VIII, que lle encargou distintos traballos no Vaticano, como o seu baldaquino. En 1629 Bernini foi nomeado *arquitecto de San Pedro*, realizando entón a súa obra de maior envergadura e de gran dificultade topográfica e litúrxica, a Praza de San Pedro.

Bernini transformou este espazo no acceso máis grandioso que se podería imaxinar. Ao prantexar a súa obra, Bernini tivo que resolver distintos problemas: por unha banda, estaban os problemas topográficos, os desniveis que tiña o terreo; por outra banda, os conceptuais, relacionados co feito de que a praza debía servir como antesala da igrexa máis importante da cristiandade. Ao redor do obelisco, desde 1656, construíu as dúas grandes columnatas cubertas, cada unha delas consta de catro filas de columnas xigantes. Pegadas á fachada principal logo dun anaco recto ábrese para formar unha gran elipse. A praza que se forma é de grandes dimensións, concibida como un gran atrio destinado á celebración de cerimoniais masivas, dotándoa dunha gran teatralidade e escenografía para actos litúrxicos que requerían un espazo amplo que acollera moitas persoas, pero tamén que permitira a visibilidade, para que os fieis puideran ver ao Papa cando se asomaba ao seu balcón, xa que é o lugar onde peregrinos e crentes reciben a bendición do Pontífice. Desde a praza destaca a fachada realizada pola elevación da pendente desta zona; a visión da fachada refórzase coa visión simultánea da cúpula.

Planta. A forma da praza debía simbolizar a unión da Igrexa co pobo, isto é, a unión da basílica coa cidade de Roma. Deste xeito, Bernini trazou dúas prazas, dous espazos diferenzados pero unidos: 1) Prazas trapezoidal en pendente con dous brazos converxentes máis baixos ca igrexa co fin de resaltar a verticalidade da fachada do templo. O lado máis ancho correspóndese coa fachada da basílica. Serve para conectar a basílica co espazo oval dianteiro. 2) Prazas elíptica, de eixo transversal, composta por dous semicírculos. Dispónse arredor do obelisco exipcio e con dúas grandes columnatas cubertas, simbolizando a Igrexa acolledora. Moi característica da arquitectura barroca, polo seu carácter dinámico, xa que suxire un círculo sometido a unha tensión lonxitudinal. A zona elíptica está rodeada por un pórtico de columnas e piares de orde toscana con catro columnas de profundidade e deixando un amplo corredor no seu interior, corredor diverxente para non restarlle importancia á fachada da basílica, aumentando a visibilidade e potenciando a panorámica da cúpula do S.XVI.

Elementos. Trátase de pórticos cubertos, formados por catro columnatas monumentais de mármore branca, paralelas e pareadas de orde toscana sobre as que descansa un dintel corrido, propio das ordes iónica ou corintia e non dividido en triglifos e metopas como debía corresponder, que deixan libre un amplo espazo interior; non soportan nada e simplemente serven de peche a un espazo antes aberto e baleiro, e que Bernini transforma nun lugar de reunión dos fieis. Para o remate superior dispón unha balaustrada e 140 estatuas relixiosas, obras do obradoiro de Bernini que parecen acompañar ás estatuas de Cristo e apóstolos da fachada. No centro destaca o obelisco exipcio, situado alí polo Papa Sixto V en 1585, en memoria ao martirio de San Pedro e que Bernini respectou. Dúas fontes marcan o foco da elipse. O pavimento ten un deseño radial.

Finalidade. O obxectivo é funcional e litúrxico de ser un espazo capaz de acoller grandes multitudes de fieis, reunidos para recibir a bendición papal. Simbolicamente, coa súa forma exprésase a universalidade da Igrexa que tende os seus brazos cara aos fieis. Neste sentido, a columnata é funcional e alegórica:

- Pecha ópticamente a praza do Vaticano.
- Serve de deambulatorio cuberto nas procesións.
- Coa forma oval conseguíase que os brazos porticados envolvesen simbolicamente aos fieis, tal como desexa facer a igrexa católica, que abraza a cristiandade que peregrina para recibir a bendición do Papa.
- Consegue afastar e reducir a visión da fachada de Maderno e restablecer a hexemonía formal e simbólica da cúpula de Miguel Anxo, ao interpoñer entre a praza elíptica e o edificio basilical o espazo trapezoidal limitado polos brazos rectilíneos ou *piazza retta*.
- O espazo ao aire libre e transitable da praza co seu pórtico serve de enlace espectacular entre o templo e a cidade.

A praza debía converterse nunha metáfora da propia Igrexa Católica. Os dous brazos elípticos deseñados por Bernini simbolizan os brazos abertos da Igrexa que acolle no seu seo tal e como describe o propio Bernini: “...maternalmente aos católicos para confirmalos na fe, aos herexes para reunilos na Igrexa e aos infieis para iluminalos cara a verdadeira fe”. Asímesmo a propia praza simboliza a historia da Igrexa e a súa función de mediadora na redención da Humanidade grazas a Cristo e aos apóstolos, situados na fachada, aos santos da cornixa, a Igrexa triunfante, e as columnas que simbolizan a Igrexa militante, os fieis reunidos no seo do catolicismo. Por isto a praza de San Pedro, como obra barroca que é, debía tamén servir de instrumento de propaganda católica fronte ao protestantismo do norte de Europa.

O desexo dos Papas de converter a Roma nunha cidade digna de ser a capital do catolicismo levou a unha inxente labor de remodelación urbana para transformar a cidade medieval abrindo avenidas e construindo prazas con monumentais fontes e palacios. Nesta labor, durante gran parte do S.XVII destacou Bernini como arquitecto, urbanista e escultor, e deseñou prazas como a Navona ou a do Tritón. A praza de San Pedro deseñada por Bernini converteuse non só nun espazo público aberto que daba acollida a miles de peregrinos, senón ademais nun símbolo da lexitimidade da Igrexa Católica fronte ás teses protestantes.